

P.R.O.G.R.A.m.A



Festa de Comadres na cidade de Ourense.

O ENTROIDO DA PROVINCIA DE OURENSE: Identidade, Festa e Encanto

Na provincia de Ourense, o Entroido vai moito máis alá dunha simple festa: é unha auténtica celebración da alegría, da cor e da tradición popular. Durante estes días, rúas, aldeas e vilas énchense de vida coa aparición de máscaras e disfraces únicos, cheos de imaxinación e herdados dunha tradición ancestral. Trátase dunha das manifestacións culturais máis singulares e intensas da nosa terra. Aquí, saír sen disfraz pode ter consecuencias: algún fustazo simbólico, fariña polo aire, formigas inesperadas ou mesmo a obriga de pagar unha rolda de viños.

A música tradicional acompaña cada momento da festa, facendo vibrar cada recuncho co son das gaitas, tambores e ritmos propios do Entroido.

E, como non, o Entroido tamén se saborea. A gastronomía típica destas datas

ocupa un lugar protagonista nas mesas, con pratos cheos de tradición e sabor: filloas, orellas, grelos, lacóns e botelos, sempre acompañados polos excelentes viños das catro denominacións de orixe da provincia de Ourense. Un auténtico festín que fala da nosa identidade e da fonda raíz cultural desta celebración.

O Entroido ourensán é, en esencia, unha expresión colectiva dun pobo que honra as súas tradicións. Unha festa cargada de maxia que invita a participar, compartir e gozar dunha experiencia irrepetible.

Descubre, vive e celebra o Entroido de Ourense.

Que empece a festa!

A Deputación de Ourense co Entroido!



Febreiro
sábado

A Valenzá

17.00 h: **IV Mascarada Ancestral** adicada aos **Follateiros** de Lobios con parrúas desde a Casa do Concello ata o Museo da Gaita.

Bande

9.00 h: Ruta dos **Troteiros** polas aldeas. Acompañamento musical: **Feitizo de Pau**. Saída desde a Casa do Concello.

Castrelo do Val

Sábado Maragato

16.00 h: **DESFILE** de máscaras.

Maceda

17.00 h: Fiadeiro en Carguizoi.

Mugares

*** Toén**

17.00 h: No Centro de Interpretación do Entroido terá lugar a segunda conferencia do Ciclo de Entroido, co Entroido dos **Galos** da Mezquita e *Animalario*, de Carlos Xabier Ares. Ao finalizar haberá chocolatada para os asistentes.

Muíños

15.30 a 20.00 h: Os **cabreiros** percorrerán as aldeas do concello.

Gabreiro
de Muíños.



Verín

Sábado do Capuchón

12.30 h: Sesión vermú **Charanga Los Támega** (praza García Barbón).

14.30 h: **Xantar do Capuchón** (Pavillón de Deportes).

17.00 h: Animación musical **Los Támega** (rúa Irmáns Moreno – rúa Montemaior).

Viana do Bolo

11.00 h: Comparsa na aldea de San Mamede.

17.00 h: Comparsa na aldea de Pradocabalos.

20.00 h: Fariña e fuliós.



Troteiro
de Bande.

Cualedro

Domingo Corredoiro

12.00 h: Bendición dos traxes á saída da misa.
Estrea do **Zarramoncalheiro**.

As Eiroás

* Ourense

Domingo Oleiro

17.00 h: Xogo das olas coa **Charanga Alambique**.

Mugares

* Toén

Domingo Corredoiro

12.00 h: Na Praza celebrarase o **Xogo do Galo** con premio a quen colla o galo. Haberá música durante o xogo e pasabares con **Gaiteiros de Castrodeallo**.

Cigarrón de Verín.



A Mezquita

* A Merca

17.00 h: Corredoiro do **Galo** no campo da igrexa.

A Pobra de Trives

15.00 h: **DESFILE** de Folións e **Boteiros**.

Verín

Domingo de Corredoiro

11.30 h: Popular concentración de **Cigarróns** con saída desde a avenida de Castela, Luis Espada, rúa Alameda ata a praza da Alameda. Os Fregueses/as serán recibidos á saída das igrexas RR.PP. Mercedarios e Parroquial polos Cigarróns.

12.30 h: Actuación de **A Gramola** (praza da Alameda).

13.30 h: Pregón do Entroido (praza García Barbón).

17.00 a 19.00 h: **A Gramola** (praza da Alameda).

18.00 h: **Vaquerada** — Homenaxe a Toño Torcuato “O Cesteiro”, último vaqueiro de Verín: concentración de vaqueiros (Rúa Montemaior).

18.30 h: Pasarrúas da Vaquerada ata a Praza Maior, acompañados de charanga.

19.00 h: Acto de homenaxe, a cargo de Xosé Carlos Caneiro e Manolo Cazoleiro (Praza Maior).

19.00 a 22.00 h: **Orquestra Salsarena** (praza García Barbón).

Charangas:

11.30 a 14.00 h: **Los Támega, Noroeste e Aíños do Cereixo**.

17.00 a 20.00 h: **Noroeste** e **Patagulllos**.

Galo de
A Mezquita,
A Merca.



Seixalbo

Domingo Oleiro

16.30 h: Recibimento dos mecos **Paquita** e **Ricanor** no Parque da Infesta e a continuación ruada pola vila de Seixalbo coa animación da **charanga "Tatoo"**.

18.00 h: Na Praza Maior: Xogo das Olas e piñatas, e chocolatada.

Xinzo de Limia

Domingo de Corredoiro

12.00 h: As **Pantallas** do Entroido de Xinzo farán a súa primeira aparición.

19.00 h: **Orquestra París de Noia.**



Mázcara de
Manzaneda.



Febreiro
xoves

Allariz

20.30 a 22.30 h: Comadres, pasarrúas coa **charanga Achicoria**, desde a Barreira.

Entrimo

Xoves de Comadres

22.00 h: Disfraces, cea e baile.

Frei Canedo da Ponte

* Ourense

Xoves de Comadres

21.30 h: Cea e baile de comadres do barrio da Ponte.

23.00 h: Baile de disfraces con dúo musical e DJ.

Laza

Xoves de Comadres

14.00 h: Folión dos nenos do CEIP "O Castiñeiro" polas rúas de Laza.

Pola noite Cea das Comadres e verbena.

Manzaneda

Xoves de Comadres

Ourense

Xoves de Comadres

20.00 h: Animación de rúa a cargo das **charangas Felga** e **Caliqueños**.

23.59 h: Sesión DJ na Praza Maior de A **Gramola** con **Leticia Sabater**, **Adri**, **Diego Mirón** e **Pablo Marques**.



Madamita de Entrimo.

Ribadavia

16.30 h: **Comparsa e charanga dos alumnos do Conservatorio e escola municipal de música de Ribadavia.** Polas rúas e prazas de Ribadavia, rematando na Praza Maior.

A Valenzá

* Barbadás

12.00 h: Regueifas de comadres na praza Vella da Valenzá.

A Veiga

Xoves de Lardeira

17.00 h: Fariñada cos nenos na praza do Concello e colocación da Lardeira.

21.30 h: Cea da Lardeira.

Verín

Xoves de Comadres

11.45 h: **DESFILE** Infantil de Entroido (rúas Deputación, Luís Espada e Lisa).

23.00 h: **Enjoy Eventos + A Gramola** (praza García Barbón).

01.00 a 04.00 h: **Orquestra Marbella** (praza García Barbón).

Charangas:

11.30 a 14.00 h: **Los Támea, Noroeste, Vakapinta, MIL9 e TDB.**

21.00 a 1.00 h: **Los Támea, Noroeste, Vakapinta, MIL9, TDB e Nova Terra de Trives.**

Viana do Bolo

Xoves de Comadres

11.00 h: **DESFILE** infantil do CEIP Bibei e filiación do IES Carlos Casares.

19.00 h: **Charanga CLK.**

20.00 h: Fariña e fuliños.

21.00 h: **Charanga Alegría.**

00.00 h: **Disco Móvil a Pimentoneta** na Praza Maior.

Boteiro de Viana do Bolo.



13

Febreiro
venres

Allariz

20.30 h: Pasarrúas coa **charanga Os Ence-rellados** desde A Barreira.

23.30 h: Noite de Entroido coa **Verbena dis-comóvil** na Praza Maior.

O Carballiño

11.30 h: **DESFILE** de entroido escolar na Praza Maior e rúas.

20.00 a 23.00 h: Animación musical con **Fei-tizo de Pau**.

Celanova

DESFILE de Entroido cos Centros Educati-vos do Pobo.

Esgos

18.00 h: Festa de Entroido.

Felo de
Esgos.

Felo de
Maceda.



Frei Canedo
da Ponte.

Frei Canedo da Ponte

* Ourense

22.00 h: Festa DJ con varias actuacións musicais para amenizar a noite.

Laza

Venres de Folión

Pola tarde, pasarrúas.

21.30 h: Cea gastronómica do Cocido.

00.00 h: Gran Folión. Con saída desde o fondo da Cerdeiriña, con chocos, fachóns e bombos. Polas rúas Cerdeiriña, A Picota, A Rúa, Souteliño e Cimadevila.

Maceda

Venres de Comadres

20.00 h: Comezaran os festexos das Comadres coa subida dos carros con animación da **charanga A Felga**.

21.00 h: Comezará **II Ruta de Tapas do Cocido de Entroido** e tamén terá lugar a cea de Comadres no Restaurante A Dilixencia.

00.00 h: **Charanga A Felga** animará o pasa-bares.





Ghocalleiro
de Vilardevós.

Ourense

Venres de Entroido

20.00 h: Baile coa formación **Origen** na Praza Maior.

20.30 h: Saúdo do Sr. Alcalde.

01.00 h: Actuación de **Festicultores Troupe**.

Ribadavia

Festa de Comadres con **Doña Ana** e **Sorcha**.

Seixalbo

* Ourense

Venres da Chavalada

11.00 h: **DESFILE** do alumnado do Colexio Público CEIP de Seixalbo polas rúas da vila acompañados pola **charanga Brexit**.

A Valenzá

* Barbadás

11.30 h: Celebrarase o **DESFILE** Infantil do CEIP Filomena Dato, CEIP Ou Ruxidoiro e Colexio Luís Vives e Centro Ocupacional As Burgas.

20.00 h: Comezará a actuación musical do **Grupo Zoadeira** e **Cuncas do Son**.

20.30 h: Xusto Calviño e Grupo Defensor do Meco lerán o pregón.

21.00 h: Dará inicio a rolda musical co **Grupo Zoadeira** e **Cuncas do Son**.

Verín

Venres de Compadreo

19.00 h: Carrada do compadreo con **Festicultores Troupe** (Barrio de San Lázaro –rúa Irmáns Moreno).

20.00 h: **Disco Móbil Space** (rúa Irmáns Moreno).

00.30 a 03.30 h: **Orquestra Miramar** (praza García Barbón).

Charangas:

11.30 a 13.30 h e 19.00 a 22.00 h:
Como Queiras Band.

Vilariño de Conso

Cea de Comadres.

Roda de Folión.

Xinzo de Limia

Venres de Entroido

11.30 h: **DESFILE** Infantil.

21.00 h: **II Festa Glam Entroido** coa actuación de **Locomía** (temática anos 80).

Pantalla de
Xinzo de Limia.





Febreiro
sábado

Boborás

19.30 h: Festa de disfraces no Pavillón. Empanada, chourizo con pan, chocolate con bica, música e inchables para os nenos.

Buxán

*** O Bolo**

Saída das **Mázcara**s. Cea e Fariña.

Campobecerras

*** Castrelo do Val**

- Saída dos Peliqueiros pola mañá.
- Xuntanza e comida.
- Pola tarde fariña e formigas.

O Carballiño

Na Praza Maior e rúas:

16.00 a 18.00 h: Obradoiro infantil de máscaras e complementos de Entroido.

Animación musical **DJ Tibu** e Concurso infantil de disfraces.

20.00 h: Espectáculo musical itinerante: **Carballiño te Suen**a 3. Organiza Colectivo "@s de sempre".

21.30 a 23.00 h e de 00.30 a 01.00 h: **Charanga SORCHA**.

Celanova

- A Ruleta do Amor.
- Baile de San Valentín.
- Lardotrón "Asoc. de Comadres".

Cualedro

12.00 h: Saída dos **Zarramoncalleiros**.

13.00 h: Xuntanza na praza da Marina, estrea de disfraces.

15.00 h: Come onde poidas ou súmate á comida popular.

As Eiroás

*** Ourense**

Folión do Entroido.

Frei Canedo da Ponte

*** Ourense**

12.00 h: Ruada de **Frei Canedo** polas rúas do barrio amenizada por **Cantares da Cunha**.

18.00 h: Baile de disfraces infantil.

21.00 h: Baile de disfraces con DJ.

23.00 h: Baile de disfraces coa actuación da **orquestra La Noria**.

A Gudiña

17.00 h: **DESFILE** de carrozas, comparsas e fulións. Saída dos xardíns do Beato á estación vella.

Animación coa **Charanga Fuego Street Band**. Festa na Estación Vella e fariñada.

Queima do Entrudio. Haberá bar da comisión e sopa quente. **Discomóvil A Esmorga**.

Laza

Sábado de Cabritadas

Pasarrúas polas rúas de Laza. A Fariñada na praza da Picota. Pola noite Troula e Cabrita-da dos Mozos. Verbena.

Maceda

9.30 h: Os **Felos** percorrarán as aldeas da Serra de San Mamede.

12.00 h: **Charanga A Felga** animará o pasabares.

18.00 h: Actuación da **charanga Noroeste** na Carballeira do Castelo.

21.00 h: Baixará A Marelá.

00.00 h: **Charanga Mekánika Rolling Band** e **Apocalypse On Tour** amenizarán a festa.

Maside

Por la tarde, visita ao Irixo.

Manzaneda

- Visita do fulión de Vilar ao pobo de Raigada.
- Fuliada e fariña na parroquia de San Martiño.
- Visita do fulión de Languillo aos pobos de Borruga e Cubeiros.
- Visita do fulión de Bidueira ao pobo de Requeixo.
- Cea da Lardeira.

Matamá

* **Laza**

Sábado de Antroido

- Cea popular co **Dúo D-3**.

Muíños

14.00 h: Xantar.

17.30 h: **DESFILE** polo pobo.

19.30 h: No pavillón, panceta, cachucha, chourizo, bica de Cados, queimada e baile ata remate da noite. **Charanga de Bande** e **Como Queiras Band**.

Concurso de comparsas e carrozas.

Ourense

Sábado de Entroido

12.00 h: Sesión vermú con animación de **charanga Caliquíneos** na Praza Maior.

19.00 h: Actuación de **Trío Somozas** na praza de Santa Eufemia.

23.59 h: Praza Maior, sesión DJ de **A Gramola** con **Alexis, Villi** e **Eric García**. Tamén á mesma hora pero en rúa Progreso, actuación de **orquestra Função Publika**.

Parada de Sil

12.00 h: Os **Anxeos** abrirán o **DESFILE** polas rúas de Parada de Sil.

Charanga o Tatoo.

14.30 h: Xantar na Nave da Castaña.

O Pereiro de Aguiar

17.30 h: **DESFILE** de Entroido.

Ríós

11.00 a 12.00 h: Percorrido de Ríós a Marcelín coa **Banda de Gaitas de Ríós** e os **Vellarróns**.

12.00 h: Pincho e baile en Marcelín.

13.30 a 14.00h: **DESFILE** en Ríós.

14.00 h: Magosto popular: castañas e chourizos na praza do concello.

19.00 h: En Marcelín celebra a festa con música e o tradicional pincho de orella.

Vellarrón de Ríós.



Sande

* Cartelle

- Xantar nas adegas de Mogos.
- Despois de xantar, saída e captura do **Oso**. Degustación de Sopa de Pedra.

A Valenzá

17.00 h: A **charanga Big Band** animará as aldeas do concello.

Verín

Sábado de Entroido

- 11.30 a 14.00 h:** Charangas **Jalácticos** e **Airiños do Cereixo** (rúas de Verín).
- 12.30 h:** Concerto vermú **Somoza Trío** (praza García Barbón).
- 17.00 a 22.00 h:** Circuito de charangas (Montemaior, Lisa, Cruz, Praza do Cigarrón e praza García Barbón).
- 18.30 a 19.30 h:** **Pappaquino** (praza García Barbón).
- 20.00 a 23.00 h:** **La Ocaband** (praza García Barbón).
- 00.30 a 03.30 h:** **Alkar** (praza García Barbón).

Viana do Bolo

Sábado de Entrudio

- 11.00 h:** Comparsa na aldea de Quintela de Edroso.
- 17.00 h:** Comparsa na aldea de Pinza.
- 20.00 h:** Fariña e fuliós.

Vilariño de Conso

Sábado de Entroido

- 11.30 h:** **DESFILE** de Foliós polas rúas do Pobo. Concurso de carrozas e de fotografía.

14.30 h: **XXXVII Festa do Cabrito**.

17.30 h: Ronda de foliós e remate con discomóvil.

Vilardevós

- 17.00 h:** O **DESFILE** sae do campo de fútbol, acompañando irá o Folión "O Can do San Roque" xunto coa **Banda de Gaitas de Vilardevós**.
- 19.30 h:** Baile a cargo do dúo **Os Trasnós** e lectura do testamento do burro.
- 20.30 h:** Cea de porco asado, caldo e bica.
- 22.00 h:** Sairán os fachóns e o Meco desde o Toural ata Praza do Cruceiro.

Festa co dúo **Os Trasnós**.

Xinzo de Limia

Sábado de Entroido

- 18.00 h:** Festival da Canción Humorística do Entroido 2026 na Praza Maior.
- Neste día haberá pasarrúas mañá e tarde a cargo de **charangas Patalea**, **Chicoria** ou **Élite**, entre outras.

A Xironda

* Cualedro

- 16.00 h:** A Picota: Xuntanza para ir á leña e facer o entroido con cea para os que participen. Colga do Entroido na Picota.



Mázcara da Xironda, Cualedro.

15

Febreiro
domingo

Allariz

12.00 a 14.00 h: Pasarrúas coa **charanga Alambique**, desde a Barreira.

Amoeiro

09.00 h: Percorrido de carrozas polos pobos de Amoeiro coa **charanga Tattoo**.

Festa e verbena a cargo de **Explosión**.

Bande

11.00 h: Ruta dos **Troteiros** polas rúas de Bande coa **charanga de Bande** desde a Praza da Constitución.

14.00 h: Cocido Troteiro (albergue).

17.00 h: **DESFILE** de Comparsas e Carrozas coa actuación da **Batukada Vila-tuke**.

Premios para Comparsas e Carrozas.

18.00 h: Actuación do **dúo Mecánica**.

19.00 h: Dulzada Troteira.

Boborás

17.30 h: **DESFILE** de **Felos**. Desde o campo da festa de Feás.

O Carballiño

19.00 h: **Os Liborianos**, na Praza Maior e rúas.

Celanova

- Bingo do Entroido.
- Baile Social de Entroido.

Entrimo

17.00 h: **DESFILE** de **Madamitas, Madamitos** e cabezudos. Terrachán. Merenda en Lantemil.

Esgos

9.30 h: Saída dos **Felos** e **Madamas** polos pobos de Esgos.

Frei Canedo da Ponte

* Ourense

Domingo de Entroido

11.00 h: Xogos, inchables e obradoiro de elaboración de queixos para crianzas.

12.00 h: Sesión vermú con actuación musical.

13.30 h: Xantar popular. Haberá polbo, carne ao caldeiro, pan e viño.

19.30 h: Espectáculo infantil e agasallos para todas as crianzas.

22.00 h: Actuación musical do grupo **Santa Compañía**.

Peliqueiro
de Laza.



Laza

Domingo de Estrea

- Pola mañá cedo, Estrea dos **Peliqueiros**. Pasarrúas.
- Saída da Misa, saúdo dos Peliqueiros e Reparto da Bica na Praza da Picota.
- A media tarde, **DESFILE** das carrozas típicas. Baile e verbena.

Maceda

- Os **Felos** volverán percorrer durante este día as aldeas e pobos da Serra de San Mamede. A saída do autobús dos Felos será ás **09.30 h.**

12.00 h: Fiadeiro de Calvelo con Pandereteiros de Traspés.

15.00 h: Degustación do Cocido de Entroido .

18.00 h: Foliada Aberta.

Manzaneda

Domingo Gordo

Na parroquia de San Martiño

Maside

10.30 h: Visita pobos de Maside ata Loredó.

Matamá

* Laza

Domingo de Antroido

Estrea dos **peliqueiros** á saída da misa.

A Mezquita

* A Merca

- Entroido cos **Galos** e pequeno pasarrúas pola mañá, estarán na saída da misa.
- Comida veciñal.
- Entroido con galos pola tarde e música.

Mugares

* Toén

Domingo de comedias

16.00 h: Comenzo das Comedias.

A festa estará amenizada por **DJ Smile** e o grupo **Sublunar**.

Lobios

- **Follateiros** e as **follateras** saen corre-lo Entroido polas parroquias de Lobios.

Ourense

Domingo de Entroido

16.30 h: **DESFILE** de Comparsas e Carrozas.

18.00 h: Concerto da **orquestra Kubo**.

20.00 h: Entrega de premios.

20.30 h: Actuación de **King África** na rúa Progreso.

Ribadavia

17.30 h: **DESFILE** de Entroido de comparsas, charangas e carrozas.

Sande

* Cartelle

12.30 h: As **Bonitas** reciben aos feligreses á saída da misa. Igrexa parroquial de San Salvador de Sande. Percorrido polas aldeas da parroquia.

Bonitas de Sande, Cartelle.



Vergalleiro
de Sarreaus.



Sarreaus

17.00 h: **DESFILE** de comparsas e carrozas.
Presencia dos Vergalleiros.

Seixalbo

* Ourense

Domingo de Entroido

13.00 h: Ruada e sesión vermú no Parque da Infesta.
14.00 h: Gran Cocido Bacanal.
16.30 h: Baile de máscaras coa **orquestra La Ocaband**.

O Tameirón

* A Gudiña

17.00 h: **DESFILE** de Entroido.

Verín

Domingo de Entroido

12.00 h: Gran **DESFILE** matinal (Rúas de Verín)
19.00 a 22.00 h: **Orquestra Triunfo** (Praza García Barbón).
00.30 a 03.30 h: **La Banda de Ayer** (Praza García Barbón).

Charangas:

12.00 a 14.00 h: **Los Támega, Vakapinta, Noroeste, TDB, Como Queiras Band**.
17.00 a 22.00 h: **Noroeste, Vakapinta, TDB e Como Queiras Band**.

Viana do Bolo

Domingo Gordo

11.30 h: **DESFILE** de fulións, **boteiros** e carrozas desde a rúa Toural ata a Praza María Pita.
15.00 h: Xantar da **54ª edición da Festa da Androlla**.
19.00 h: Fulións.
20.00 h: Actuación do **Grupo América** de Vigo na Praza Maior.

Vilarnaz

* Coles

11.00 h: Torneo de Chave.
13.00 h: Sesión vermú, a cargo da **charanga Mariachi México**.
16.00 h: Pasarrúas (preparade doces e bebidas). Castro Bello.
18.30 h: **Trío Nostalgias**.
19.30 h: **Grupo Suavecito**.
22.15 h: Sorteo do "carruxo".

Xinzo de Limia

Domingo de Entroido

19.00 h: **Orquestra Miramar**.
22.00 h: **Disco móvil La Duendenta**.

A Xironda

* Cualedro

12.00 h: Terá lugar a xuntanza das **Mázcara**s ao saír da misa.
• Pola tarde, comenzará a festa amenizada polo **grupo Vaivén**.
• Pola noite, cea a cargo da organización e música a cargo de **DJ Darío**.



Febreiro
luns

Allariz

17.30 a 20.00 h: Festa Infantil coa Discomóvil na Praza Maior.

21.30 h: Cachuchada na Barreira.

23.00 a 1.30 h: Pasarrúas coa **charanga Caliqueños**, desde A Barreira.

Amoeiro

10.00 h: **DESFILE** de carrozas polos pobos de Cea e Maside acompañados por **Batukada Vilatuke**.

Verbena no campo da festa en Parada de Amoeiro coa **orquestra París de Noia** e **Marcos Kintana**.

Bande

Luns Feo

16.30 h: Saída dos **frarrapeiros** de Mexide e visita a Santa Comba.

Boborás

21.30 h: Rodos en Pazos de Arenteiro. Ao remate pinchos e chocolate.

O Barco de Val.

18.00 h: Festa de disfraces no Pavillón Vello.

O Carballiño

Praza Maior e rúas:

20.00 h: Espectáculo itinerante **O Show das Orquestras**. Organiza Colectivo “@ de sempre”.

20.00 a 23.00 h: Animación musical co **Grupo Os Mendigos**.

Celanova

Entroido Pequeno

Esgos

23.59 h: Ensaio da Coresma.

Frei Canedo da Ponte

*** Ourense**

12.00 h: Ruada de **Frei Canedo** polas rúas do barrio amenizada por un grupo de percusión.

18.30 h: Encontro das Irmandades ao redor da capela.

19.30 h: Inicio dos actos: purificación do lugar, bendición da súa Santidade, sermón e bendición dos novos confrades e cofradesas.

20.00 h: Sairá a solemne procesión.

21.30 h: Procederase á entrega de premios dos concursos.

22.00 h: Dará comezo a cea de confrades, acompañantes e amizades para honrar a Frei Canedo.

22.15 h: Música cun DJ.

23.55 h: Comezará o Folión de Fogos Artificiais, que dará paso ás **00.00 h** ao Baile de Disfraces a cargo da **orquestra Solara**.

Laza

Luns Borralleiro

- Pasarrúas.
- Pola mañá, Farrapada, Maragatos e Xitanada dos Burros.
- Pola tarde Baixada da Morena, acompañada das formigas, toxos e cobelleiros. Ao remate reparto da cachucha con pan na Picota.

Maceda

18.00 h: Baixada da Mareliña.

Maside

17.00 h: **DESFILE** de comparsas e disfraces.

Matamá

* **Laza**

Luns de Antroido

Percorrido do Antroido polo pobo, con paradas para comer, beber e festexar acompañados pola **charanga A Felga**.

16.30 h: Saída da Morena e da Albarda acompañadas de Formigas, Borrallo, Fariña e Cobelleiros.

Manzaneda

Ronda dos Gusanitos pola vila.

Oímbra

16.30 h: Percorrido polas adegas do pobo coas charangas.

Ourense

Luns de Entroido

17.00 h: Praza Maior: maquillaxe e concerto de **Uxía Lambona e a Banda Molona**.

21.00 h: Actuación de **Trío Somoza** na Praza de Santa Eufemia.

23.00 h: Na mesma praza, **DJ Gonzalo e DJ Rocha**.

23.59 h: Rúa Progreso: sesión DJ de **A Gramola** con **Groove Amigos**, **Marcos Gramola** e **Jennifer Cach**, e á mesma hora na Praza Maior actuación da **Orquesta Mondragón**.

A Pobra de Trives

16.30 h: Entroido infantil na Praza do Reloxo.

Ribadavia

16.30 h: Festa de disfraces do Club Artístico para nenos/as con **DJ Tibu**.

23.30 h: Baile de máscaras con **Louband** na rúa Progreso.

As Teixugueiras

* **Cartelle**

16.00 h: Feitura e bautizo do Meco. **Gaiteiros Castrodeallo**.

21.00 h: Cea popular **Gaiteiros Castrodeallo**.

24.00 h: Festa coa **Charanga Bandiños Band** e percorrido polas adegas do pobo.

A Valenzá

* **Barbadás**

16.30 h: Festa de disfraces infantil no Parque da Solaina.



Boteiro
de Vilarinho
de Conso.

Verín

Luns de Entroido

17.00 a 20.00 h: Entroido Infantil (Pavillón Municipal de Deportes).

17.00 a 20.30 h: **Disco Móbil Mono** (Praza García Barbón).

20.30 a 22.00 h e 00.30 a 02.00 h: **JB Son** (Praza García Barbón).

Charangas:

11.30 a 14.00 h e 17.00 a 20.00 h: **Os Kokakolas** e **Xuntanza**.

Viana do Bolo

Luns de Entrudio

16.30 h: **DESFILE** do fulión infantil desde a rúa Toural ata a Praza Maior.

17.30 h: Xogos para os nenos na Praza Maior e actuación de **mini disco infantil**.

20.00 h: Fulión trapalleiro.

Vilariño de C.

19.00 h: Ronda de fulión.

20.30 h: Degustación Porco ao Espeto.

22.00 h: Concurso de disfraces e **DJ Tariro**.

Viladevós

11.00 h: **GRAN DESFILE**.

A Xironda

* Cualedro

Festa de tarde e noite cun DJ e cea popular.

Xinzo de Limia

Luns de Entroido

18.00 h: Animación infantil.

01.00 h: Concerto de **Festicultores Troupe**.



Febreiro
martes

Allariz

18.00 a 20.30 h: Baile de Entroido e Concurso de Comparsas coa **Space Disco-móvil**, na Barreira.

Amoeiro

11.00 h: **DESFILE** polos pobos de Parada con **Mariachi Mi Tierra**.

15.00 h: Xantar popular no Campo da Festa e xuntanza de carrozas.

Festa coa **orquestra Miramar**.

Bande

11.00 h: Ruta dos **Troteiros** polas rúas de Bande.

12.00 h: Fabada Troteira.

Máscara
de Buxán
O Bolo.

Labardeiro
de Mugares,
Toén.



Barcia

* Melón

15.00 h: Saída do **DESFILE** de carrozas e disfraces desde Barcia a Vilaverde. Entrega do ramo e gran merenda popular.

O Barco de Valdeorras

DESFILE de comparsas e foliós.

17.30 h: Saída desde o Hospital Comarcal ata a Praza Maior. Ao finalizar o **DESFILE**, na Praza Maior, baile con **DJ Rafa**.

O Canizo

* A Gudiña

17.00 h: **DESFILE** de Entroido.

O Carballiño

Na Praza Maior e rúas:

16.45 h: **Batucada PercuCar. CMUS do Carballiño.**

17.00 h: Gran **DESFILE** e concurso de comparsas.

19.00 h: Gran baile co **Grupo Noria**.



A Pita
das Eiroás.

Covelo

* Melón

11.00 h: **DESFILE** de Entroido en Covelo. Subida ao Coto da Raña coa comitiva: O Rei, soldados, danzantes, xuíces, porteiro, bobo... Pola tarde festa con **Os Veteranos**.

As Eiroás

* Ourense

11.00 h: Alborada con máscaras e música coa **charanga Doctor Anchoa**.

13.00 h: Voda da **Pita**.

- Xantar dos Noivos.
- Baile de disfraces coa orquestra **La Oca-band**.
- Concurso e pasarela de disfraces, reparto de orellas e rosquillas.

21.00 h: Queima do Meco.

Èsgos

23.59 h: Poñela Coresma.

Laza

Martes de Entroido

- Pola mañá, saída dos **Peliqueiros** Veteráns e pasarrúas
- No lusco e fusco, Testamento do burro. Entroido do Entroido e Loito dos Peliqueiros.
- A noitiña, animación musical.

Lobios

Percorrido dos follateiros.

16.00 h: Comezará o **DESFILE** do entroido.

17.30 h: Lectura dos Testamentos.

18.00 h: Concurso de disfraces.

19.00 h: Merenda.

Maceda

17.30 h: **DESFILE** de Entroido.

Manzaneda

Martes de Entroido

DESFILE de fulións pola vila de Manzaneda e xantar popular.

Matamá

* Laza

Martes de Antroido

16.30 h: Testamento do Burro acompañado pola comparsa cós Sombreiro de Papel.

A Mezquita

* A Merca

Entroido con **Galos** e pequeno pasarrúas.

Mugares

* Toén

12.00 h: Saída dos **Labardeiros** da igrexa de Mugares.

12.30 h: Sesión vermú.

13.30 h: Cocido de Entroido.

16.00 h: Saída da Comparsa do Entroido coa **charanga Os Chafalleiros**.

Oímbra

18.00 h: Percorrido polo pobo cos fachucos e o Entroido. **charanga NBA** ata a praza onde haberá música e cea.

Queima do Entroido e dos fachucos.

Ourense

Martes de Entroido

12.00 h: Animación coa **charanga Tattoo**.

17.30 h: Maquillaxe, concerto infantil de **DJ Tribu** e reparto de caramelos na Praza de Santa Eufemia.

18.30 h: Reparto de orellas de Entroido na Praza Maior e Xardíns do Bispo Cesáreo.

19.00 h: Rúa Progreso, actuación da **orquestra París de Noia**.

Pentes

* A Gudiña

19.00 h: Entrudío.

A Pobra de Trives

17.15 h: **DESFILE** de comparsas, carrozas e folións. Entrega de premios.

Ribadavia

14.30 h: Xantar popular na Alameda. Actuación de **Terapia Kids**.

Sande

* Cartelle

Martes de Entroido

12.00 h: Percorrido de **Bonitas, Oso, Vaca e Avutardas**, polo pobo coa **charanga BBB**.

- Xantar popular.
- Procesión ata o Cruceiro co Toxo Licoreiro.
- Tarde de música, baile e os nosos “números”.

Seixalbo

* Ourense

16.30 h: Parque da Infesta. **GRAN DESFILE** de Entroido acompañados polas charangas **Bréxit** e **Sorcha**.

17.30 h: Lectura do pregón.

18.00 h: Festa das Comparsas con **DJ Deluxe**, seguida de orellada.

20.30 h: Queima dos Mecos.

As Teixugueiras

* Cartelle

12.00 h: Carreira do Meco.

17.00 h: Lectura do testamento do Meco.

Todo o día: **Gaiteiros Castrodeallo**.

A Veiga

Martes de Entrudio

12.30 h: **DESFILE** de fulións e comparsas.

14.00 h: **XX Festa da Soá**. Comida popular.

17.30 h: Chocolatada e churros na Praza do Concello.

A Valenzá

* Barbadás

17.00 h: Gran **DESFILE** de Entroido na Avda. de Celanova.

Verín

Martes de Entroido

16.30 h: Derradeiro **DESFILE** (rúas de Verín).

19.00 a 22.00 h: **Grupo América** (Praza García Barbón).

00.30a03.30 h: **Magos** (Praza García Barbón).
Charangas:

11.30 a 14.00 h: **Xuntanza** e **Vakapinta**.

16.00 h **DESFILE:** Noroeste, Os Kokakolas, Los Támeiga, Xuntanza e Vakapinta.

Viana do Bolo

Martes de Entrudio

12.00 h: Saída dos fulións e boteiros desde rúa Toural. Vermú no Cabo da Vila.

16.00 h: Fariña e fulións.

23.30 h: Saída dos fulións desde o pavillón municipal e entrada na Praza Maior.

00.00 h: Queima dos lardeiros.

00.15 h: Baile, concurso de disfraces e actuación da **discomóvil CDC**.

Vilariño de C.

19.00 h: Visitas entre folións e queima dos lardeiros na praza do pobo.

Vilaverde

* Melón

11.00 h: Alborada cos **Gaiteiros Castrodeallo**.

16.00 h: **DESFILE** do Entroido entre Vilaverde e Barcia.

Xinzo de Limia

Martes de Entroido

17.00 h: **GRAN DESFILE** de Entroido coas charangas **Nova Terra de Trives**, **A Felga**, **Bandiños Band** e **CLK**.

A Xironda

* Cualedro

Sesión de tarde amenizada pola **charnaga Vakapinta** e sesión de noite con **DJ Darío Pereira** e cea popular.

00.00 h: Queima do Entroido ca súa subasta.

Allariz

20.00 h: Pranto de Entroido e Queima do Meco, desde a Praza Maior ata o Campo dos Brancos.

Amoeiro

18.00 h: Enterro da Sardiña e Queima do Meco en Parada de Amoeiro.

Bande

20.00 h: Enterro da Sardiña coa participación da **Charanga de Bande**. Degustación de choripán.

O Barco de Valdeorras

20.00 h: Na Praza Maior, Enterro da Sardiña. Ao finalizar haberá pan e chourizo para todos os participantes.

Follaterio
de Lobios.



O Carballiño

Na rúa Principal e Praza Maior. Saída da Praza dos Liborianos.

19.00 h: Representación do Enterro da Sardiña por **Aspadisi** e **Dar Trela**.

Animación **Charanga Castro Bello**. Bica e chocolatada.

Celanova

Enterro da Sardiña no Pavillón Pedra da Moa.

Entrimo

Enterro da Sardiña

20.00 h: No Campo da Feira: **Terrachán**. **O espectáculo debe continuar** (Freddie Mercury).

Esgos

00.01 a 8.00 h: Poñer as coresmas.

Lobios

Mércores de Cinsa

Queima dos Mecos.

20.00 h: Procesión por Lobios.

Ourense

Enterro da Sardiña

20.00 h: Enterro da Sardiña polas rúas da cidade coas charangas **Felga** e **Caña Aquí**, desde a Praza Maior ata o parque de San Lázaro.

Ribadavia

20.00 h: Enterro da Sardiña.

A Valenzá

* Barbadás

20.00 h: **DESFILE FÚNEBRE** desde o inicio da avda. de Celanova

20.30 h: Queima dos Mecos na Praza Vella de A Valenzá.

Viana do Bolo

Mércores de Cinsa

18.00 h: Enterro da sardiña.

19.00 h: Sardiñada e torradas no Cabo da Vila.

Xinzo de Limia

Enterro da Sardiña

20.00 h: Solemne procesión coa Sardiña polas rúas de Xinzo.

21.45 h: Lectura do testamento, seguida da súa queima na Praza Maior.



Gharrelo
A Veiga.



Febreiro
sábado

Celanova

Sábado de Piñata

- **DESFILE PIÑATA** 2026.
- DJ Imcodee.
- Orquestra Kubo.

Maceda

20.00 h: Enterro do Meco con procesión fúnebre tocada pola **charanga A Felga**. Ao termo do enterro haberá Pancetada a cargo dos Taberneiros do Pobo.

Ribadavia

Sábado de Piñata

Con **Sorcha**, **Mekanika** e **Los Lunes al Sol**.

Xinzo de Limia

Sábado de Piñata

18.00 h: Xogo da Cucaña na Praza Maior.

20.00 h: Baile de Mascariñas e Capuchóns co **Dúo Élite**.

A Veiga

16.00 h: **VIII Xuntanza de Fuliños**.

Paquita e
Ricanor,
Seixalbo.



22

Febreiro
domingo

Xinzo de Limia

Domingo de Piñata

17.00 h: Festa da Piñata.

19.00 h: Actuación da **orquestra Compostela**.

21.00 h: Descolgamento do Meco.

Laza

Domingo de Piñata

Pulpeira na Praza da Picota e animación musical.

O Carballiño

XXXI Festa da Cachucha

11.30 h: **DESFILE** de foliós e comparsas.

14.00 h: Xantar da Cachucha con animación musical: **Doctor Anchoa**, **CLK**, **Castro Bello**, **Feitizo de Pau** e **Os Biruxes**.

17.30 h: **GRAN DESFILE** de foliós e comparsas: Os da Caña de Marín, As Sonecas de Campelo, comparsas de Amoeiro, foliós de Petín, de Tameirón, O Son da Pedra Meiga, ademais das comparsas da vila.

19.00 h: Gran baile coa **Orquestra Claxxon**.



Oso de Sande, Cartelle.

Anxeo de Parada de Sil.



En moitas vilas e aldeas da nosa provincia levan a cabo actividades e desfiles de Entroido.

Moitos lugares están a recuperar os seus personaxes e figuras tradicionais, que agardamos incorporar a esta guía en próximas edicións.

Felo a cabalo en Maside.



ENTROIDOS DE OURENSE

